

SOTO, Luís G. & ROCA, Tareixa: *Carvalho sempre. Alustres de vida e obra*, Espiral Maior, A Coruña, 2020, 147p.

Luís G. Soto, profesor de Filosofía Moral da Universidade de Santiago de Compostela, e Tareixa Roca, catedrática de ensino secundario de Lingua e Literatura Galegas, discípula de Ricardo Carvalho Calero, presentan un estudo rigoroso, definido e suxestivo, tamén didáctico e pleno de ideas, sobre a vida e obra do crítico literario, filólogo, lingüista e escritor Ricardo Carvalho Calero (Ferrol 1910 – Santiago de Compostela 1990). Está composto por tres achegas ao seu periplo vital (“Momentos de vida”, “Confluencias”, “Dez fotos (29/11/1988)”) e un estudo filosófico sobre a súa novela *Scórpio*. Nas “Palabras liminares” (pp. 11-12) os autores declaran: “Á volta de trinta anos, sen chegar nunca a desaparecer, temos outra vez connosco a Carvalho: Letras Galegas 2020. Ao longo destes trinta anos, e desde antes, tanto pola súa obra como pola súa persoa non deixou de interesar e inquietar” (p. 11). As razóns da súa pegada sobre a lingua e cultura galegas residen na importancia e fertilidade da súa obra científica e artística, a súa docencia sobranceira, e o relevo e aura da súa traxectoria persoal.

Tareixa Roca é autora de “Momentos de vida” (pp. 15-33). No seu clarificador estudo ordena, desde o punto de vista cronolóxico, datos biográficos e bibliográficos, ao mesmo tempo que aporta algunhas pasaxes e feitos descoñecidos até agora. Tempos, contextos e circunstancias da vida forman unha secuencia que retratan tres calidades salientes en Carvalho: esforzo, rigor, perseveranza.

O primeiro momento ten como título “Santiago, os anos de formación” (pp. 15-17). Os anos de liceísta no Ferrol, os estudos de Dereito en Santiago, o contacto e colaboración co Seminario de Estudos Galegos, son algúns

---

Recibido: 05/01/2021. Aceptado: 06/01/2021.

fitos desta fase. O segundo momento, “República, Guerra Civil, posguerra” (pp. 17-20), trata, entre outros eventos, os seguintes: a súa colaboración na redacción no 1931, xunto con Lois Tobío, do anteproxecto do Estatuto de Autonomía de Galiza aprobado en plebiscito no 1936; os estudos por libre da carreira de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago; a participación na Guerra Civil (Madrid, Valencia, Andalucía); o tempo de posguerra (xuízo e condena a 12 anos de prisión, inhabilitación como funcionario, posterior traballo como docente privado, en suma, a súa vida como persoa represaliada). O terceiro momento, “Lugo, no Colexio Fingoi” (pp. 20-24), principia no 1950 coa dirección do colexio privado de ensino primario e secundario Fingoi na cidade de Lugo; continúa co seu vínculo coa fundación da Editorial Galaxia como colaborador e escritor desinteresado; segue coa presentación da tese de doutoramento en Madrid; remata na consolidación como creador da crítica literaria galega e en galego. O cuarto momento, “Santiago, a Universidade” (pp. 24-26), é o do seu traslado a Santiago de Compostela como profesor do Instituto Feminino Rosalía de Castro e profesor universitario na sección de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago de Compostela (na que pon aulas de lingua e literatura galegas). A carreira académica culmina coa consecución da primeira cátedra de Lingüística e Literatura Galegas (1972), da que será mantedor até a súa xubilación (1980). O derradeiro momento, “Os últimos anos, unha vida frutífera” (pp. 27-29), é o período dos recoñecementos públicos da súa obra, a constatación da viraxe da política lingüística da Real Academia Galega, e a súa inequívoca posición reintegracionista até o seu falecemento no 1990. Tareixa Roca completa o seu estudo cunha bibliografía actualizada da poesía, narrativa, teatro, estudos e ensaios de Carvalho, e obras, de estilos e contidos diversos, sobre Carvalho (pp. 30-33).

Luís G. Soto asina “Léndomos *Scórpio* filosoficamente” (pp. 37-109). É unha análise e interpretación da novela *Scórpio* publicada no 1987. Ten catro seccións: “Prolegómenos” (pp. 37-44); “Lectura, análise e interpretación” (pp. 44-98); “Apreciación, balance, conclusión” (pp. 98-104); “Colofón, envío” (p. 105). Remata co rexistro dos libros citados en “Bibliografía” (pp. 106-109).

Na sección “Prolegómenos” Soto fai unha reflexión sobre a súa implicación persoal na lectura. Presta atención a varios aspectos: a responsabilidade na lectura (os propios pensamentos e a memoria persoal, a existencia do libro e o soporte da súa existencia); o compromiso cos referentes da escrita (revelados, ou non, nas lecturas persoais realizadas en 1987 e, sobre todo, 2008 —“Scorpio e Tauro ou o gozo e o sublime. Barthes e Kant con

Carvalho” en *O espírito da letra. Nove achegas filosóficas a textos literarios*, Espiral Maior, A Coruña, 2008, pp. 163-206—); os elementos que fan de *Scórpio* unha obra clásica (capacidade de representación do real, poder de transporte dun contexto a través do tempo histórico, potencia para suscitar o real, por exemplo). Nesta reflexión Soto concibe a implicación persoal como un efecto que pode producirse ou non, dependendo da representación, da capacidade de mimese ou imitación contida na obra. Esta implicación, de acontecer, tamén pode recibir sentido, ou non, da representación. E, segundo o teor da representación, pode suceder que reciba un sentido, outro ou ningún.

A sección “Lectura, análise e interpretación” é o corpo central do estudo. Ten dúas partes que tamén configuran dúas fases da explicación.

A primeira parte (pp. 46-66) é un exame detido e meticuloso da estrutura narrativa de *Scórpio*, clarexada a partir de nocións tomadas dos traballos semiolóxicos de Roland Barthes. Indaga as formas da narración e a narrativa, das voces e personaxes, e presta especial atención aos papeis do autor e o lector. Conforman unha ollada precisa e coidada á estrutura, ás formas e modos. En palabras do autor: “practicaremos unha «morfoscopia», un estudo da morfoloxía, en termos semióticos narratolóxicos, do romance” (p. 45). O obxectivo, e contido, é expoñer varios trazos característicos da novela: de que trata (materia, referente) e como o trata (forma, estilo); de quen fala (narradores, autores) e a quen se dirixe (lector); que di (narrativas) e de quen (personaxes, *Scórpio*). Escribe o autor: “Esta caracterización sumaria, formal e xeral, ten un valor hermenéutico: incide no sentido que poidamos achar no romance. Constitúe unha base, máis fornece chaves, da nosa interpretación” (p. 47). Son de especial interese tres parágrafos. Primeiro, “As narrativas...” (pp. 55-57): análise da forma de enunciación dos personaxes e destinatarios das narrativas; “... Ante o lector” (pp. 57-61): exame do lugar de enunciación no que as diferentes narrativas colocan ao lector; “... *Scórpio*” (pp. 64-66): estudo da función, papel e rol do protagonista desde nocións tomadas da psicanálise.

A segunda parte (pp. 66-98) investiga os contidos da novela a partir de dous conceptos que proceden da filosofía moral: eticidade, moralidade. A eticidade é clave para a interpretación da primeira parte da novela *Scórpio*. As peripecias dos personaxes, sobre todo do protagonista, *Scórpio*, desenvólvense, prioritariamente, na esfera privada. A moralidade é chave hermenéutica da segunda parte da novela, na que as accións desenvólvense, maiormente, na esfera pública. En palabras do autor: “practicaremos unha «ideoscopia», un estudo da ideografía, en termos filosóficos morais,

do romance” (p. 46). Esta segunda parte ten dous excursos que funcionan como matizacións conceptuais e ampliacións da investigación filosófica: “Sobre a sexualidade (excurso e recapitulación)” (pp. 80-85), relacionado coa eticidade; “Sobre a violencia (excurso e recapitulación)” (pp. 95-98), que entronca coa moralidade.

No relativo á eticidade, Soto presta atención á linguaxe dos personaxes (o dito, o non dito, o que podería dicirse e non se di, o que se di a entremedias, por exemplo) e ás súas condutas (cursos de acción, actividades, omisións, rexeitamentos, eleccións, por exemplo). Hai varios compoñentes: o valor opresor dos costumes; a fraqueza dos suxeitos; a incapacidade destes para articular un discurso; os modelos sociais de conduta; a impotencia para percibir e nomear o real; a obediencia e submisión á autoridade. Un aspecto fundamental desta orde da eticidade é a regulamentación da sexualidade. Ten unha grande importancia na identidade, comprensión, movementos e relacións dos suxeitos. Non obstante, represión e transgresión revélanse non como condutas antitéticas, senón como condutas que non cuestionan a norma nuclear, a tese básica segundo a que o sexo moralmente admisible é só o matrimonial, heterosexual e procreador, nun contexto androcéntrico e patriarcal.

Con respecto á moralidade, Soto pon de relevo os pasos do itinerario da consciencia dos personaxes principais. Itinerario que se desenvolve a distintas velocidades, con cortes e dificultades, e que transita por tres estadios posibles. Primeiro, o esforzo dos suxeitos por superar a súa condición de axentes (pasivos, receptivos) e lograr converterse en actores (activos, proactivos) da acción, con compromiso cívico e, tamén, político. Segundo, a escolla do estoicismo pacifista de trazos kantianos ante un contexto social e histórico que os reborda e esmaga (a Guerra Civil española). Terceiro, a asunción da propia conciencia e o principio de legalidade como regra inspiradora da acción ética (na quebra da II República e, tamén, na Guerra Civil). A importancia da confrontación en cada conciencia persoal mais, sobre todo, na esfera pública, entre revolución (violenta) e reforma (pacífica), móstrase na elección moral dos personaxes: liberdade preservada coa legalidade que fai fronte ás violencias.

Na sección “Apreciación, balance, conclusión” Soto valora o interese xeral de *Scórpio* e os efectos posibles da súa lectura. O interese xeral reside en que é un texto clásico que, ademais, ten trazos modernos: “Nas súas páxinas, os imperativos técnicos e as categorías estéticas son submetidas a un coidadísimo xogo de desconstrución e reconstrución, de tal modo que as arquitecturas e as prescricións canónicas e as propostas e as fórmulas

vangardistas se encuentran, chocan, se entrecruzan, conflítuan, se realimentan. Esta conxunción de trazos convérteo, para min, nun clásico contemporáneo” (p. 99). A función do autor (ausente) e o papel do lector (axente) coroan a actualidade do clasicismo de Carvalho. No que atinxe aos efectos posibles da lectura de *Scórpio*, Soto retoma as reflexións iniciais (“Prolegómenos”) coa finalidade de continualas, matizalas e completalas. Na súa opinión, hai dous efectos da lectura. Primeiro, o coñecemento do descoñecido (a representación dun mundo), ao que poden seguir unha crítica e unha contestación, desenvolvidas, con autonomía, polo lector. Segundo, o feito de facer aparecer, por medio dunha ficción, algo como real. O que mostra a novela é unha realidade curvada en diversas perspectivas que, pola súa propia natureza, acolle, permite acoller, o seu exame crítico e a proposición de alternativas. “En suma, coñecemento, crítica e contestación son, para min, os efectos maiores producidos pola lectura de *Scórpio*. Non están reñidos co pracer estético, mais asentán na experiencia da realidade. É o que encontro, explorando o interese xeral, a partir da miña implicación persoal. Porén, e felizmente, *Scórpio* como aqueloutros romances que apelei de clásicos, é un texto que acolle e suscita multiplicidade de sentidos.” (p. 104).

A última sección, “Colofón, envío”, é un apuntamento meditativo sobre a relación entre a escrita e a vellez. Por outras palabras, unha divagación sobre o momento biográfico no que a escrita advén en forma de necesidade inelutable e, simultaneamente, graza fortuíta. Suceso acaecido a Carvalho, segundo Soto, con ocasión da concepción e execución de *Scórpio*.

O estudo filosófico de *Scórpio* remata coa “Bibliografía”, os libros e artigos lidos, e citados, ao longo da análise e interpretación.

A achega titulada “Confluencias” (pp. 113-135) é un relato autobiográfico e un exercicio de anámnese, pleno datas, lugares e anécdotas, elaborado por Soto. Nel recolle os múltiples encontros con Carvalho, desde abril do ano 1986 até o seu falecemento. Política, cultura, literatura, pensamento, son algúns dos temas tratados nas conversas, ademais dalgunhas consideracións, confidencias e valoracións inéditas que sobre *Scórpio* o propio autor lle fixo a Soto.

En “Dez fotos (29/11/1988)” (pp. 139-143), Soto recolle dez imaxes dunha sesión fotográfica realizada por el e Tareixa Roca no gabinete de Carvalho na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Son imaxes de Carvalho, ás veces acompañado de Tareixa Roca, cuxo valor reside na interpelación directa que fan ao espectador. Interpelación, ou chamada, que é lanzamento dunha mensaxe, dun signo con intención comunicativa, reforzado polo comentario de Soto ao pé de cada unha

delas e a interpretación que, máis polo miúdo, fixo en “Confluencias” (pp. 118-121).

A última parte, “Máis dúas palabras” (p. 147), escrita a dúas mans entre Luís G. Soto e Tareixa Roca, é un recordatorio e unha proxección: lembranza de como a pandemia de 2020 afectou aos actos de celebración do Día das Letras Galegas dedicado a Ricardo Carvalho Calero; proxección da figura e obra de Carvalho, que cobra a forma de inscrición cada vez máis visible, a pesar dos obstáculos e atrancos, e máis audible e lexible, para as xeracións novas, na pantalla da lingua e cultura galega, presente e aínda por vir. Porvir facilitado, en gran medida, polo traballo minucioso, detido e renovador de Carvalho.

Miguel Ángel Martínez Quintanar